

## **BONIFICACIÓNS LEI 31/2015 FOMENTO EMPREGO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL**

### **Cooperativas que opten polo rexime de autónomos e que as socias/os non estiveran dadas/os de alta neste rexime nos cinco anos anteriores.**

**Tarifa plana autónomos.** Cotización 6 primeiros meses **50.-€** se optan pola base mínima

- a) Unha redución equivalente ao 50 por cento da cota durante os 6 meses seguintes ao período inicial.
- b) Unha redución equivalente ao 30 por cento da cota durante os 6 meses seguintes ao período sinalado na letra a).

No caso de mozos menores de 30 anos e mozas menores de 35 anos esta bonificación do 30% incrementase 12 meses máis.

Estas bonificacións incrementanse tamén no caso de persoas con discapacidade.

### **Compatibilización da prestación por desemprego co inicio dunha actividade por conta propia nunha cooperativa.**

Poderán compatibilizar a percepción mensual da prestación que lles corresponda co traballo autónomo, por un máximo de 270 días ou polo tempo inferior pendente de percibir.

Excluíranse as persoas que tivesen como último emprego un emprego por conta propia.

### **Cooperativas que opten polo rexime xeral da seguridade social.**

#### **Incentivos á incorporación de traballadores a entidades da economía social**

Bonificacións nas cotas empresariais da Seguridade Social durante tres anos, cuxa cuantía será de 137,5 euros/mes (**1.650 euros/ano**) durante o primeiro ano, e de 66,67 euros/mes (**800 euros/ano**) durante os dous anos restantes, aplicable ás cooperativas que incorporen traballadores desempregados como socios traballadores ou de traballo, e que sexan menores de 30 anos, ou menores de 35 anos que teñan recoñecido un grado de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

Se a incorporación se realiza con maiores de 30 anos, a bonificación será de 66,67 euros/mes (**800 euros/ano**) durante os tres anos. No caso de cooperativas, as bonificacións aplicaranse cando estas opten por un Réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

### **Capitalización da prestación por desemprego para incorporarse a unha cooperativa**

100% da prestación para achegas ao capital, cota de ingreso e gastos de constitución e posta en funcionamento dunha entidade, así como ao pago das **taxas** e o prezo dos **servizos específicos de asesoramento, formación e información** relacionados coa actividade a emprender.

**Bonificacións de cotas de Seguridade Social para socios/as traballadores/as ou socios/as de traballo das sociedades cooperativas, en período de descanso por maternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactancia natural ou suspensión por paternidade.**

a) Unha bonificación do 100 por cen nas cotas empresariais da Seguridade Social, incluídas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e nas achegas empresariais das cotas de recaudación conxunta para o caso dos socios encadrados nun réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

b) Unha bonificación do 100 por cen da cota que resulte de aplicar sobre a base mínima ou fixa que corresponda o tipo de cotización establecido como obligatorio para traballadores incluídos nun réxime de Seguridade Social propio de traballadores autónomos.

**Pago único da prestación por cese de actividade no caso de traballadores/as autónomos/as**

As persoas que sexan titulares do dereito á prestación por cese de actividade, e teñan pendente de percibir un período de, polo menos, seis meses, poderán percibir dunha soa vez o valor actual do importe da prestación, cando acrediten ante o órgano xestor que van realizar unha actividade profesional como socios traballadores dunha cooperativa de traballo asociado.